

## **INFORME SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR SOBRE DE MEDIDAS PARA A CRECIÓN DE EMPREGO EN GALICIA**

### **Consulta**

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a proposición de lei de iniciativa lexislativa popular sobre medidas para a creación de emprego en Galicia (doc. R.E. núm. 13220, do 1 de outubro de 2013) cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, no disposto na Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

### **Fundamentos de dereito**

#### **1. Normativa xeral**

A iniciativa lexislativa popular forma parte do dereito fundamental da cidadanía a participar directamente nos asuntos públicos (artigo 23.1 da Constitución), cuxo exercicio desenvolve a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia, en cumprimento do establecido no artigo 13.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia. En concreto, o seu artigo 1 faculta ás cidadás e aos cidadáns maiores de idade que gocen da condición política de galegas ou galegos e que se atopen inscritos no censo electoral para exercer a iniciativa lexislativa popular en materias non expresamente excluídas pola lei e de acordo co procedemento establecido nela.

Entre os requisitos persoais, para ter a capacidade necesaria para exercer a iniciativa lexislativa, son imprescindibles a proba da maioría de idade, a condición política de galega/o e a inscrición no censo electoral de calquera das circunscricións electorais de Galicia. Asemade, os artigos 4.c) e 5 da Lei establecen que os membros da comisión promotora, integrada por un mínimo de dez persoas, terán que reunir a condición de electoras ou electores e non estar incursos nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidades aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

De acordo co disposto nos artigos 3 e 6 quedan excluídas dunha iniciativa lexislativa popular as materias non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma, as de desenvolvemento básico do estatuto de Autonomía de Galicia e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación unha maioría cualificada, así como as de natureza orzamentaria e tributaria. Ademais requírese a inexistencia previa doutra iniciativa lexislativa en trámite sobre o mesmo obxecto.

O artigo 4 da Lei establece o procedemento a seguir para a presentación da iniciativa lexislativa popular no Rexistro do Parlamento de Galicia sinalando que, o escrito dirixido á Mesa, conterá o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de



motivos, e dunha exposición das razóns que aconsellen a aprobación polo Parlamento de Galicia da correspondente proposición de lei.

Por outro lado, as funcións cualificadoras da Mesa da Cámara suxéitanse ao réxime xeral, efectuando un control de legalidade en función do canon estritamente normativo, e non político nin de oportunidade. Nestes termos pronunciouse o Tribunal Constitucional nos autos 428/1989 (fundamento xurídico 3) e 140/1992 (fundamento xurídico 3) e na Sentenza 76/1994 (fundamento xurídico 2).

## **2. Exame do escrito núm. 61970 polo que se formaliza a iniciativa legislativa popular**

A presentación deste escrito inicia un procedemento parlamentario regrado correspondéndolle á Mesa da Cámara realizar o control de legalidade formal da documentación achegada e, en concreto, a declaración de admisión ou non a trámite da iniciativa legislativa formulada, polos motivos taxados regulados nas letras a) a d) do artigo 6 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, a cuxo exame procedemos a continuación:

### **2.1. Materias excluídas.**

O artigo 3 da Lei de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia exclúe da dita iniciativa as materias seguintes:

- As non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As de desenvolvemento básico do Estatuto de Autonomía e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación o voto favorable dunha maioría cualificada.
- As de natureza orzamentaria e tributaria.

A razón que xustifica a proposición de lei radica na necesidade de darlle voz aos amplos sectores da sociedade que demandan unha saída da crise que sexa favorable á clase traballadora e feita desde unha perspectiva de defensa dos dereitos nacionais de Galicia. As medidas que contén a proposición de lei sentarían as bases para un desenvolvemento económico e social sustentable e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación.

O texto da proposición de lei, logo dunha exposición de motivos, articúlase en 28 artigos seguidos dunha disposición derradeira. O articulado agrúpase en catro capítulos. O capítulo I, relativo á política industrial, agrupa os artigos 1 a 17 referidos, respectivamente, ás política industrial, ao sector agrario, ao sector pesqueiro, ao sector naval, ao sector da construción, ao sector enerxético, ao sector do comercio e o turismo, á cultura e lingua galegas, ao sector da automoción, ao sector da minaría, ao sector da conserva, ao sector da madeira e forestal, ao sector téxtil, confección, coiro e calzado, á economía social, ao medio ambiente, ás infraestruturas e á política de I+D+i.

O capítulo II, referido á política laboral, contén o artigo 18 que versa sobre a defensa do dereito a un traballo de calidade.



O capítulo III, relativo á política de emprego nos servizos públicos, agrupa os artigos 19 a 22, referidos, respectivamente, á suficiencia orzamentaria, sanidade, ensino e servizos sociais.

O capítulo IV, sobre política fiscal, inclúe o artigo 23 que regula a defensa dun sistema fiscal equitativo, xusto e redistributivo.

O capítulo V, referido á política financeira, contén os artigos 24 a 26, relativos á banca pública galega, ao Instituto Galego de Crédito e Investimento e á defensa dun sistema financeira ao servizo a economía produtiva.

O último capítulo, o VI, é o referido á política de inclusión laboral e social e recolle os artigos 27 e 28, relativos ao salario de inserción laboral e á defensa das persoas en risco de exclusión social.

Como é doado comprobar, esta proposición de lei ten un ámbito obxectivo de aplicación extenso e heteroxéneo e configúrase como unha norma marco ao establecer unha serie de directrices sobre diferentes ámbitos de actuación para ser desenvolvidas normativamente polo Goberno galego. Os diferentes aspectos que se agrupan por sectores produtivos e conforme a outros criterios de clasificación inciden no sistema de distribución de competencias xa que poden encadrarse no obxecto e no contido de materias sobre as que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva (artigo 27 do EAG), compartida (artigos 28 e 30 do EAG) e executiva (artigo 29 do EAG). Advertimos que se ben é certo que hai actuación que por ter relevancia económico-financeira poderían afectar ás bases da ordenación do crédito (artigo 149.1.11.º da CE) e ás bases da planificación xeral da actividade económica (artigos 131 e 149.1.13.º da CE) cuxa determinación normativa lle corresponde en exclusiva ao Estado, esta circunstancia non debe impedir a súa tramitación pois tal competencia estatal permite actos de exercicio competencial da comunidade autónoma sobre esas materias sempre que respecten o establecido na normativa básica (artigo 30.I do EAG).

Consecuentemente, cúmprese o requisito material de que a materia sobre a que verse a proposición de lei deba ser de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 3.1 da Lei 1/1988).

Por outra banda, o feito de que se declare necesario facer as correspondentes dotacións orzamentarias para manter un nivel digno de asignación de recursos en todos os servizos públicos e de asistencia social (artigo 19 da proposición de lei) non pode interpretarse como unha regulación que incida na esfera orzamentaria xa que non disciplina o réxime de ingresos e gastos do sector público autonómico senón que establece un principio, polo demais obvio, como é do de suficiencia de recursos económicos para atender os gastos que se deriven das actuacións que se detallan no texto.

Para concluír este apartado, prescribese que nos pregos de contratación coas administracións públicas e nas convocatorias de subvencións se estableza o compromiso das empresas a utilizar o galego como lingua inicial na súa relación coa clientela (artigo



8.2 da proposición de lei), así como un mandato dirixido á Xunta de Galicia para que elabore un proxecto de lei para garantir o dereito da cidadanía a ser atendida en lingua galega nas súas relacións con empresas e comerciantes que presten servizos ou comercialicen os seus produtos en Galicia (artigo 8.3 da proposición de lei). En relación con esta previsión, cómpre determinar se esta regulación incide sobre unha materia de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía de Galicia xa que toca un tema especialmente sensible como é o referido ao uso da lingua galega que está regulado actualmente na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. En relación co compromiso das empresas a utilizar o galego como lingua inicial na súa relación coa clientela que se establecería nos pregos de cláusulas administrativas de contratación pública e nas convocatorias de subvencións (artigo 8.2 da proposición de lei), trátase dun aspecto que gardaría conexión directa non tanto coa normalización lingüística senón coa materia de contratación do sector público e máis concretamente coa capacidade para contratar co sector público, aspecto básico (disposición derradeira segunda.3 do TRLCS) cuxa regulación é exclusiva do Estado (artigo 149.1.18º da CE) se ben dentro dunha competencia compartida coa Comunidade Autónoma de Galicia como é a que ten por obxecto a contratación administrativa (artigo 28.2 do EAG). Non se lles impón ás empresas o deber de utilizar o galego como lingua inicial nas súa relación coa clientela senón un compromiso a través dos pregos de contratación e das convocatorias de subvencións de emprego, sen que a súa non asunción poida implicar ningunha restrición á súa capacidade para contratar.

No que atinxe á previsión de que a Xunta de Galicia elabore un proxecto de lei para garantir o dereito da cidadanía a ser atendida en lingua galega nas súas relacións con empresas e comerciantes que presten servizos ou comercialicen os seus produtos en Galicia (artigo 8.3 da proposición de lei), opinamos que en nada innova o réxime da normalización do uso do galego establecido na citada Lei 3/1983, xa que os galegos teñen o dereito a usalo (artigo 1 da Lei 3/1983).

Consecuentemente, ao noso xuízo non regulan materias de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía de Galicia.

## **2.2. Requisitos formais**

O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei de iniciativa lexislativa popular preséntase polas persoas que constitúen a comisión promotora e que figuran identificadas polos seus nomes, apelidos, sinaturas, o DNI e enderezo.

Achegan:

- A acta de constitución da comisión promotora na que indica o domicilio para os efectos das notificacións e o nome do membro da comisión promotora co que se realizarían todos os trámites do procedemento.

Non achegan:

-O documento acreditativo de que teñen a condición política de galegos (artigo 1 da Lei 1/1988), que son os cidadáns españois que teñan a veciñanza administrativa en calquera concello de Galicia (artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de Galicia).

-Unha declaración escrita por parte de todas e cada unha das persoas que integran a comisión promotora, coa súa sinatura persoal, de non estar incursas nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto.

-A certificación da Oficina do Censo Electoral que recolla os elementos acreditativos da súa condición de electores.

Consecuentemente, no se cumpren os requisitos formais requiridos nos artigos 5 e 6 da Lei 1/1988.

### **Conclusiones**

Procede requirirlles aos membros da comisión promotora para que cumpran os citados requisitos formais. O cumprimento destes requisitos deberá facerse no prazo dun mes a contar desde o seguinte á data da notificación do acordo da Mesa da Cámara no que se faga ese requirimento (artigo 6.b) da Lei 1/1988). No caso de incumprimento no dito prazo, procedería o arquivo da iniciativa.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2013

Polos Servizos Xurídicos

